

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTECESO.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, co alcance definido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia na redacción dada pola lei 15/2004 e ca documentación sinalada no prego de prescricións técnicas da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, así como o seguimento da súa tramitación e modificación ata a súa aprobación definitiva.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de servizos de “realización dos traballos de execución da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso” será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e co establecido na cláusula décima do presente Prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.ponteceso.net

CLÁUSULA CUARTA. Prezo do Contrato

O prezo do presente contrato ascende á contía de 127.480,50 euros; o prezo certo anterior queda especificado nun valor estimado de 109.896,98 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 17.583,52 euros, considerándose este importe (127.480,50 euros) como tipo de licitación máximo, quedando excluídos os licitadores que formulen propostas superiores a este tipo.

Para todos os efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos aprobados están incluídos todos os gastos que o adxudicatario debe facer para cumprir as prestacións contratadas, como son os xerais, financeiros, seguros, transporte e desprazamentos, honorarios do persoal ó seu cargo e toda clase de tributos, en especial o imposto do valor engadido e calquera outro que se puidese establecer ou modificar durante a vixencia do contrato, sen que poidan ser repercutidos como partida independente

O prezo aboarase con cargo á partida 432.8r.227.06. Tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, dito orzamento financiarase conforme ó disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990.

A elaboración do planeamento urbanístico encóntrase subvencionado en parte pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Urbanismo, polo que os pagos realizaranse de conformidade co seguinte cronograma de execución e aboamento sen prexuízo de que as baixas na licitación produzan actualización dos valores de conformidade coas porcentaxes expresados e de que os diferentes pasos de tramitación alteren os prazos aquí previstos.

O primeiro dos prazos a aboar ó adxudicatario, independentemente das baixas na licitación, non será inferior á achega inicial da Xunta de Galicia por valor de 22.946,49 euros

As baixas que se produzan na licitación imputaranse a última anualidade

	FASES	PREVISIÓN TEMPORAL	PORCENTAXE	IMPORTE
1º. Ab	Sinatura contrato redacción	2008	20%	25.496,10
2º. Ab	Presentación pra inf. Previo A.I.	2009	20%	25.496,10
3º Ab	Aprobación Inicial	2010	20%	25.496,10
4º Ab	Aprobación provisional	2011	20%	25.496,10
5º Ab	Aprobación definitiva	2011	20%	25.496,10

En consecuencia, o presenta gasto queda subordinado ó crédito que para cada exercicio se consigne nos orzamentos municipais correspondentes.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato e fases de execución

A duración do contrato de servizos será de catro anos a contar dende a data de formalización do mesmo. Se terá en conta a oferta realizada polo adxudicatario que establecerá un desglose das fases e prazos da tramitación.

Dadas as especias cacterísticas do obxecto contractual, o prazo quedará suspendido durante o tempo en que se estean a realizar trámites coa administración estatal ou autonómica que non dependen do contratista ou da Administración Municipal do Concello de Ponteceso. A suspensión iniciárase no momento da data de saída da petición do informe ou sometemento do expediente ó informe da Administración supralocal, reanudándose o transcurso do prazo dente a data da entrada da contestación ou informe no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso ou dende a data en que se produzan os efectos do silencio que establece a normativa urbanística.

As fases de execución son as seguintes, e refírense os seguintes prazos nos que deberán de estar os documentos e traballos á disposición do Concello, de tal forma que o incumprimento dos mesmos imputable ó contratista determinará a imposición das penalidades que establece este prego de condicións.

- Entrega de información urbanística e diagnóstico: un mes dende a sinatura do contrato.
- Documento de inicio ou avance: catro meses dende a sinatura do contrato

- Informe de sostibilidade ambiental: dous meses dende a recepción do documento de referencia.
- Documento para informe previo á aprobación inicial: doce meses dende a sinatura do contrato.
- Documento para a aprobación inicial: dous meses a contar dende a data na que se reciba no concello o informe do Conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Este documento incluírá Informe de alegacións presentadas no período de información pública dende o remate de exposición pública da aprobación inicial do PXOM
- Documento de aprobación provisional e definitiva: catro meses dende a finalización do período de información pública.
- Documento final: cinco meses dende a aprobación definitiva

CLÁUSULA SEXTA. Capacidade e aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada diante dunha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada diante dunha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector

público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo de dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, si fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

De acordo co o artigo 25.1 do RD Lexislativo 2/2002, vixente segundo establece a Disposición Transitoria 5ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, non será precisa para a celebración deste contrato a clasificación do contratista.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

O procedemento para a adxudicación do presente contrato anunciarase no Boletín oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no perfil de contratante do órgano de contratación (www.ponteceso.net).

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso, r/ Concello, nº 18, en horario de atención ao público, (de 9.00 a 14.00) dentro do prazo de 8 día contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cando as proposicións enviense por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición [sen prexuízo do establecido nos artigos 131 e 132 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar na denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación do servizo de “realización dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso” A denominación dos sobres é a seguinte:

— Sobre «A»: Documentación Administrativa.

— Sobre «B»: Proposición Económica e Documentación Técnica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

d) Manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor váiase a efectuar esta.

e) Documentos que xustificuen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira regulados no artigo 64 da LCSP, e os requisitos de solvencia técnica regulados no artigo 67 da LCSP.

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

g) No caso de concorrer á licitación varias empresas en Unión Temporal, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, a participación de cada una delas na UTE e a designación da persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostente a representación da agrupación ante a Administración.

SOBRE «B»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

a) Proposición económica.

Conterá exclusivamente unha sola proposición económica firmada polo licitador ou pola persoa que o represente. Non poderá subscribirse ningunha proposta en Unión Temporal con outro, si se fixo individualmente, ou figurar en mais dunha Unión Temporal.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, decatado do expediente para a contratación do servizo de _____ por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* n.º ____, con data _____ e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____».

b) Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación. Entre eles necesariamente,

1) Memoria metodolóxica da realización dos traballos.

2) Acreditación dos traballos similares realizados.

3) Descrición dos medios persoais que se propón empregar, e compromiso expreso dos membros do equipo dedicados ós traballos en cuestión, así como réxime de dedicación e currículo cos datos persoais, académicos e profesionais, de cada compoñente do equipo indicando os que posúen en propiedade ou arrendamento, describindo no seu caso, o tipo de oficina técnica que se compromete a ter. No caso de contar coa colaboración doutros profesionais ou empresas especializadas, deberase achegar, como complemento dos méritos persoais, unha relación daqueles, indicando o nome, título, especialidade e experiencia. Neste caso será preciso presentar un compromiso de colaboración dos interesados e unha relación expresa das partes do traballo nas que colaborarán.

4) Deberá acreditarse a experiencia do director do plan en proxectos de natureza análoga nos que participase. Se aportará a tal efecto certificación detallada na que se exprese:

4.1. Relación de traballos de urbanismo realizados e aprobados definitivamente, tanto a nivel individual como en equipo, diferenciando:

4.1.1. Figuras de planeamento xeral (plan xeral de ordenación, proxecto de ordenación do medio rural, normas subsidiarias, delimitacións de solo urbano).

4.1.2. Traballos de planeamento de desenvolvemento (plan parciais, plans de sectorización, plans especiais).

4. 2. Traballos de urbanismo en realización no intre da licitación.

4.3. Outros traballos de urbanismo realizados: figuras no aprobadas definitivamente, outro tipo de figuras, etc.

A certificación acreditativa da experiencia do Director do plan deberá ser expedida por algún dos seguintes organismos:

- A administración contratante.
- A administración competente para a aprobación do plan ou figura declarada.
- O colexio oficial correspondente.

Non se valorará a experiencia profesional, aínda que estea correctamente acreditada, naqueles casos en que o planeamento redactado fose anulado por sentenza xudicial firme ou suspendido pola administración competente.

3. O compromiso de ter como director do plan con capacidade de representación suficiente, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor durante todo o tempo de redacción do plan. De conformidade co disposto no artigo 84º da Lei 9/2002, a redacción do plan deberá ser realizada por un equipo multidisciplinar formado por un mínimo de tres especialistas con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclos, dos que como mínimo, un deles terá que ser arquitecto ou enxeñeiro de camiños, canais e portos.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía Provisional

Para tomar parte neste procedemento non será esixida garantía provisional, de conformidade co carácter potestativo que o artigo 91 da Lei 30/2007 establece para a súa esixencia.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación, de conformidade do establecido no artigo 134 da LCSP e conforme os pregos das proposicións, determinándose unha puntuación máxima de 100 puntos:

1. Capacidade de adicación ó traballo obxecto de licitación.

A valoración máxima por este apartado será de 30 puntos.

Valorarase a dispoñibilidade para o traballo dos membros do equipo proposto, tendo presente a posible existencia doutros traballos simultáneos. A tal efecto, presentarase por parte da empresa licitadora unha relación de proxectos de natureza análoga nos que este a participar cada un dos membros do equipo no momento da licitación.

Neste apartado teranse en conta os seguintes aspectos:

- Maior número e cualificación de técnicos integrantes do equipo redactor de distintas especialidades, con pre-contrato de vinculación (ata 12 puntos)
- Composición do equipo e coordinación interna (ata 12 puntos)
- Presenza de técnicos urbanistas con coñecementos específicos en administración local, especialistas en áreas concretas dos traballos a desenvolver (ata 6 puntos).

2. Memoria metodolóxica

A valoración máxima por este apartado será de 50 puntos.

Valorarase como aspecto de especial importancia a metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo en función da súa adecuación ós obxectivos que se pretende conquistar co planeamento proposto e a política de actuación urbanística formulada para a súa consecución. Por tal motivo se valorará en primeiro lugar a axeitada formulación do traballo, en atención á concreta realidade territorial e social do Concello obxecto de traballo. Ata 30puntos.

Se valorarán o axeitamento dos métodos de información e diagnose territorial; a idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos; a proposta metodolóxica respecto da información ó público e a relación con outras institucións ou organismos. Para estes efectos os licitadores poderán presentar exemplos ou mostras do método que se propón. Tamén se valorarán o emprego de sistemas interactivos avanzados, ferramentas GIS, bases de datos, etc.; que permitan o posterior manexo interactivo do PXOM para a xestión na oficina técnica municipal. Ata 20 puntos.

No caso de que se prevea a colaboración doutros profesionais ou empresas especializadas, deberá acompañar unha relación daqueles, indicando o nome, título,

especialidade e experiencia. Neste caso será necesario presentar un compromiso escrito de colaboración dos interesados, e unha relación expresa da/s parte/s do traballo na/s que colaborarán.

3. Oferta económica.

Ata 20 puntos

Para a determinación da puntuación de cada unha das ofertas presentadas aplicarase un criterio de proporcionalidade respecto da oferta máis reducida á que se lle atribuirá a puntuación máxima, calculando o valor das demais de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación: $(20 * \text{oferta mínima} / \text{oferta de licitador})$

Os aspectos anteriormente descritos valoraranse independentemente, considerándose os seguintes pesos relativos de cada un deles:

- Capacidade de dedicación: 30 puntos
- Memoria metodolóxica: 50 puntos
- Oferta económica: 20 puntos.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Comité de expertos

De conformidade co disposto no artigo 134 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, a Mesa de Contratación estará asistida por un Comité Técnico constituído por un técnico superior nomeado pola Dirección Xeral de Urbanismo da COTOP da Xunta de Galicia e dous arquitectos superiores externos designados polo Concello de Ponteceso. Este Comité terá como misión valorar os criterios de adxudicación relativos á capacidade de dedicación, e a memoria metodolóxica

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o secretario/a ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor/a, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

Conforman a Mesa de contratación:

— D. O alcalde do concello de Ponteceso, que actuará como presidente.

Vogais:

A interventora da Corporación

A secretaria da Corporación.

O aparellador municipal

O concelleiro delegado de infraestructuras.

Un funcionario da Corporación que actuará como secretario da Mesa.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art. 195 da Lei 30/2007, de 30 de outubro.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de Proposicións e Adxudicación Provisional

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo de quince días contado dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.

A Mesa de Contratación constituirase cando sexa determinado polo alcalde do concello de Ponteceso dentro do prazo mencionado

A Mesa procederá a cualificar a documentación administrativa contida no sobre «A». Se a Mesa, observa defectos ou omisións que poidan ser corrixidos na documentación presentada, poderá requirir ó licitador para que no prazo máximo de tres días proceda a completar ou corrixir as deficiencias. Así mesmo indicará aos licitadores excluídos as causas de exclusión. Do actuado conforme a este artigo deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Apertura de propostas e proposta de adxudicación.

A Mesa, unha vez calificada a documentación administrativa e subsanados no seu caso, os defectos ou omisións na documentación presentada, procederá en acto público á apertura e exame do sobre «B», con arranxo ao seguinte procedemento:

En primeiro lugar, o presidente dará conta aos asistentes do número de propostas recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación da documentación xeral presentada no sobre A, con expresión dos licitadores admitidos e dos excluídos, e das causas da súa exclusión, invitando aos asistentes a que presenten aso observacións que estimen oportunas, que serán reflectidas na acta, pero sen que neste momento poida a Mesa facerse cargo de documentos que non se entregarán durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección de defectos ou omisións.

A continuación a Mesa procederá a apertura do sobre B dos licitadores admitidos, dando lectura á oferta económica e á relación dos documentos achegados respecto aos restantes criterios de adxudicación.

A Mesa pode, nese momento, solicitar os informes técnicos que considere precisos. A tal efecto, o comité de expertos independentes será convocado polo órgano de contratación determinando a data da súa constitución e a súa composición dacordo co previsto na cláusula décimo primeira para a valoración dos criterios de adxudicación que lle atribúe o prego.

Obtidos os informes mencionados, avaliados os criterios atribuídos polo prego ó Comité Técnico, reunida a Mesa de contratación, realizarase a proposta de adxudicación

provisional ó órgano de contratación. De non efectuarse a proposta no prazo legalmente establecido, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e garantías constituídas.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante do órgano de contratación, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 en canto á información que debe facilitarse a aqueles aínda que o prazo para a súa remisión será de cinco días hábiles.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía Definitiva

O adxudicatario provisional do contrato deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 7/2007 de Contratos do Sector Público, cos requisitos establecidos nos artigos 55 e seguintes do RGLCAP, ou mediante a garantía global cos requisitos establecidos no artigo 86 da LCSP. De non cumprir este requisito por causa imputable ao mesmo, á Administración declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor sendo de aplicación o disposto no artigo 135.5 da LCSP.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato. A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 90 da LCSP e 65.2 do RGLCAP.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados

Considéranse valores anormais ou desproporcionados as propostas nas que o prezo ofertado sexa inferior no vinte por cento da media das ofertas presentadas (artigo 136 da Lei 30/2007)

CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Adjudicación Definitiva

A elevación a definitiva da adjudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique aquela no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña ou no Perfil de contratante.

Durante este prazo, o adjudicatario provisional deberá achegar os documentos acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de haber constituído a garantía definitiva, e de ter pagado todos os anuncios de licitación. Así mesmo, poderá esixirse motivadamente ao adjudicatario que acredite de novo a súa personalidade e capacidade para contratar.

A adjudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días anterior, sempre que o adjudicatario presentase a documentación sinalada e constituído a garantía definitiva.

Cando non proceda a adjudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adjudicatario provisional por non cumprir este as condicións necesarias para elo, antes de proceder a unha nova convocatoria a Administración poderá efectuar unha nova adjudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que elo fose posible e que o novo adjudicatario prestase a súa conformidade, neste caso concederáse a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado anteriormente.

A adjudicación definitiva será publicada, ó abeiro do artigo 138 da Lei 7/2007 do 30 de outubro no perfil de contratante do órgano de contratación e no Boletín Oficial da provincia da Coruña

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adjudicación definitiva; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo (artigo 53.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público).

— Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación e da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 210 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para os supostos de subcontratación.

CLÁUSULA VIXÉXIMA. Revisión de Prezos

Atendendo a natureza deste contrato de resultado, no procede a revisión de rezos, e polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉXIMO PRIMEIRA. Prazo de Garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano, a contar dende a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía acreditácese á existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a emenda dos mesmos.

Durante o prazo de garantía seguirá sendo obrigación do contratista a emisión dos informes técnico-xurídicos que resulten precisos en relación cos recursos que poidan formularse contra o PXOM.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA. Execución do Contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Modificación do Contrato

A Administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público e para atender a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Terase en conta, sen prexuízo de que sexa o órgano de contratación o que lle corresponda exclusivamente apreciar a procedencia da modificación e acordala, ós efectos de posibles circunstancias que motiven a modificación contractual, tales como as modificacións normativas producidas no período de execución do contrato, ou novas directrices da Administración municipal que impliquen novas prestacións ou modificación substanciais do traballo xa feito e recepcionado a conformidade polo

Concello. A modificación contractual conlevará a restauración xustificada do equilibrio económico do contrato segundo o disposto no artigo 202 da Lei 30/2007 e correlativos do seu regulamento.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Penalidades por Incumplimento

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no artigo 196.4 LCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, impoñeranse penalidades na proporción de 0,30 € por cada 1000 euros do prezo do contrato, penalidades que se xustifican na especialidade do obxecto contractual.

Reputaranse incumprimentos aqueles retrasos na realización e entrega dos traballos que sexan imputables exclusivamente o contratista, e non a pendencia de informes sectoriais, decisións da corporación ou cambios introducidos a instancias do Concello de Ponteceso nos documentos inicialmente sometidos a consideración do Concello polo equipo redactor, que non sexan obxecto de aprobación pola administración urbanística cando o equipo redactor advertira por escrito o Concello do risco de non conformidade da administración urbanística cos cambios que o Concello quere introducir.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de

pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 206 y 284 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato resólvese por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerá polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orden Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En Ponteceso a 20 de outubro de 2008

O Alcalde,

Asdo. : José Luís Fondo Aguiar

